

PREGUNTA 2.

O CAMIÑO CARA Á CONTEMPORANEIDADE. ANÁLISE COMPARATIVA.

LEMBRA: para obter a máxima puntuación nesta pregunta (sobresaliente, entre 2'25 e 2'50 puntos), na túa resposta, ademais de indicar as semellanzas básicas, debes explicar con certa profundidade -polo menos- dúas delas.

LEMBRA: para obter a máxima puntuación nesta pregunta (sobresaliente, entre 2'25 e 2'50 puntos), a redacción debe ser correcta, a argumentación coherente e o vocabulario axeitado.

LEMBRA: as comparacións serán xenéricas (etapas, ideoloxías, situacións políticas...).

LEMBRA: se a comparación é entre períodos históricos, estes serán consecutivos, nunca entre etapas moi diferentes, como podería ser, por exemplo, comparar o reinado de Fernando VII e o Sexenio Democrático.

LEMBRA: non haberá comparacións entre Constitucións nin se preguntarán as etapas do reinado de Sabela II. Porén, se o obxecto da comparación invita a introducir aspectos relacionados coas diferencias entre constitucións, por pertencer a ideoloxías diferentes, si será necesario salientalo.

LEMBRA: a resposta non debe elaborarse como se fora un comentario de texto, nin un tema teórico porque non o é. O alumnado unicamente debe explicar as semellanzas e diferenzas que constitúen esa análise comparativa.

LEMBRA: a resposta non pode formularse mediante unha táboa comparativa.

Fonte:

Criterios de Avaliación publicados polo Grupo de Traballo da materia Historia de España, con data 15/09/2025.

<https://ciug.gal/pau/historiaespana>

EXEMPLOS DE EXPRESIÓNS QUE DENOTAN ANÁLISE COMPARATIVA

1. PARA SINALAR SEMELLANZAS

- De maneira similar ...
- Do mesmo modo ...
- Ao igual que ...
- De forma análoga ...
- Ambos/Ambas ...
- Coinciden en que ...
- Presentan características comúns ...
- Comparten a idea de que ...

2. PARA INDICAR DIFERENZAS

- Porén ...
- A diferenza de ...
- En cambio ...
- Polo contrario ...
- Mentres que ...
- Distínguese de ...
- En oposición a ...
- Contrasta con ...
- Non obstante ...

3. PARA COMPARAR GRAOS OU CANTIDADES

- Máis que ... / Menos que ...
- En maior medida ...
- En menor proporción ...
- Supera a ...
- É inferior a ...
- Igual a ...
- Presenta un nivel máis alto/baixo que ...

4. PARA ESTABLECER RELACIÓNS COMPARATIVAS COMPLEXAS

- Dende unha perspectiva comparativa ...
- Se ben ... , tamén
- Aínda que ... , por outro lado
- En termos xerais ...
- En comparación con ...
- Dende outro punto de vista ...

LEMBRA: se tes dificultades para redactar a análise comparativa, revisa as expresións que achegamos neste documento, pois poden serviche de axuda para poder solventar as túas dificultades.

PERO...

NON ESQUEZAS QUE É BÁSICO ESTUDAR E ENTENDER A TEORÍA.